

BASES SORTEO RIFAS DE NADAL AECA 2025:

1ª. Para apoiar a Campaña de Nadal, contribuíndo a potenciar o consumo, fomentar a elección dos establecementos asociados e fidelizar aos clientes, AECA poñerá en marcha este sorteo que consistirá no reparto de rifas por merca. Por cada compra efectuada nos establecementos asociados participantes, dende o 9 de decembro de 2025 e ata o 11 de xaneiro de 2026, os comerciantes, según os seus propios criterios, repartiran aos clientes rifas con numeración para o sorteo dos seguintes 12 premios:

- 1º DECORACIÓN OU EQUIPAMENTO PARA O FOGAR VALORADO EN 1.000€
- 2º 1 ORDENADOR PORTÁTIL HP15-FD0220NS CORE I5-1334U 8GB 512GB SSD 15.6 FHD W11
- 3º 1 CAMBIO DE RODAS PARA VEHÍCULO VALORADO EN 300€
- 4º 1 PÓLIZA DE SEGURO PARA FOGAR/VEHÍCULO/NEGOCIO VALORADA EN 300€
- 5º 1 CESTA GOURMET CON PRODUTOS LOCAIS
- 6º 1 FREIDORA DE AIRE COSORI KOSP0027EUN
- 7º 1 BONO DE CARBURANTE VALORADO EN 150€
- 8º 1 BONO SAÚDE VALORADO EN 100€
- 9º 1 BONO BELEZA VALORADO EN 100€
- 10º 1 RELOXO INTELIXENTE ICE SMART 3.0
- 11º y 12º 1 BONO CANXEABLE NA HOSTALERÍA VALORADO EN 100€

2ª. Os establecementos asociados participantes para que queden inscritos no sorteo deberán previamente antes do comezo da campaña aportar 50€ para a adquisición dos premios. Cada socio participante recibirá pola súa inscrición 400 rifas para repartir aos seus clientes, e no caso de que precisaran máis cantidade estos deberán abonar 5€ por cada 100 rifas a maiores. Non obstante, estas bases establecen como límite máximo 1200 rifas a repartir nun mesmo establecemento. O fin de existencias das rifas darase cando se teñan esgotadas as 30.000 papeletas numeradas dispoñibles para os establecementos.

3ª. AECA levará a cabo o sorteo de xeito independente o 12 de xaneiro de 2026, o cal será emitido en directo dende Radio Arzúa, e ao que poderá asistir como público calquera persoa que así o solicite ata completar o aforo das instalacións. Do sorteo resultarán 12 premiados. No sorteo extraeranse da urna 12 números gañadores, así como 12 números correspondentes co 1º reserva e outros 12 números máis que corresponderan co 2º reserva para cada premio.

Ao remate do sorteo será publicado un cartel cos números premiados na páxina web e redes sociais de esta Asociación, e será repartido o mesmo cartel en formato físico por aqueles establecementos que participaron do sorteo, para que os clientes poidan consultalo e comprobar se foron agraciados con algún premio. Os números gañadores terán de prazo para reclamar os premios 10 días naturais dende a data do sorteo. De non aparecer estos, os primeiros reserva terán outros 10 días naturais de prazo e de non aparecer estos, por último, os segundos reserva terán outros 10 días naturais de prazo para reclamar.

4ª. Os números das rifas que poidan quedar nos establecementos sen ser repatidas aos clientes tras a campaña de nadal, deberán ser notificados á AECA antes do sorteo. Ditas matrices serán excluídas do sorteo, evitando así que queden premios desertos.

5ª. Os socios, así como os seus familiares directos ascendentes, descendentes e colaterais tanto por consanguinidade como por afinidade non poderán reclamar ningún premio cuxo número de rifa premiada fora repartida no seu propio establecemento. Así mesmo, os empregados do establecemento tamén quedan excluídos de participar. **AS RIFAS SON EXCLUSIVAMENTE PARA FIDELIZAR AOS CLIENTES.**

6ª. Os seguintes premios a sortear: A póliza de seguro, o cambio de rodas, os vales canxeables na hostalería asociada así como os bonos agasallo deberán ser canxeados ou consumidos polos agraciados antes do 12 de marzo de 2026 en calquera dos establecementos asociados participantes na campaña SORTEO RIFAS DE NADAL 2025.

7ª. Caducidade dos premios: O NÚMERO GANADOR CADUCA O 22/01/2026, O NÚMERO 1º RESERVA CADUCA O 01/02/2026, E O NÚMERO 2º RESERVA CADUCA O 11/02/2026.

8ª. PARA RECLAMAR OS PREMIOS DIRIXIRSE Á SEDE DA A.E.C.A. SITA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE ARZÚA, PARCELA 1, 1º. 15810 ARZÚA. + INFO: TEL. 981 815 049 /636 041 693.

9ª. A participación no SORTEO RIFAS DE NADAL 2026, tanto por parte dos socios como dos clientes, implica a total aceptación das bases aquí expostas e depositas en A.E.C.A.

